

INSTRUCCIÓN 1/2020, POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN Nº 1/2019 DA AGADER POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS INTERPRETATIVOS REFERENTES Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO APLICABLES AOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS AO ABEIRO DA SUBMEDIDA 19.2 (PROXECTOS LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

O artigo 19.1 apartados b) e c) das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), publicadas a través da Resolución do 13 de decembro de 2019 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 13 de decembro de 2019 (DOG nº 246, do 27 de decembro de 2019), regulan, respectivamente as obrigas de consolidación e de mantemento dos empregos creados.

En concreto, o apartado b) do citado artigo 19.1 das bases reguladoras establece que as persoas beneficiarias asumirán a obriga de: “Manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto. Para os efectos de mantemento de emprego, considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de axuda”.

Por outra banda, o apartado c) do citado artigo 19.1 das bases reguladoras establece que os beneficiarios asumirán a obriga de: “Manter durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final do proxecto, os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección. Só computarán como empregos de nova creación os creados con posterioridade á data da solicitude de axuda. Naqueles proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento



da solicitude do pagamento final do expediente e admitiranse, respecto dos restantes, os que se creen no prazo máximo de 6 meses contados desde a data do pagamento final”.

As bases reguladoras, establecen, por outra parte, que tanto o emprego consolidado como o de nova creación computaranse en termos equivalentes ás UTA (unidades de traballo anual).

En relación coas fichas de elixibilidade, a ficha V (investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias) establece (artigo 47 das bases reguladoras) que se considerará creación de empresa a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda.

Considérase que a actividade é distinta cando a división do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda.

O contido dos artigos 19.1 apartados b) e c) e 47 coincide co que tiñan eses mesmos artigos nas bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016, que se publicaron mediante a Resolución do 29 de decembro de 2016 (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017).

Co obxecto de establecer polo miúdo os criterios interpretativos aplicables á creación e ao mantemento do emprego dos expedientes tramitados ao abeiro da submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020, ditouse a Instrución nº 1/2019 que regula en detalle o método de cálculo e os criterios interpretativos para o cómputo das UTAS, no tocante ao cumprimento das obrigas referidas tanto á consolidación como ao mantemento do emprego.

A citada coincidencia das bases reguladoras do 29 de decembro de 2016 e do 13 de decembro de 2019 permite entender que a citada Instrución 1/2019 siga a ser aplicable.

Non obstante, resulta evidente a indubidable afectación da pandemia que, provocada polo COVID-19 ao longo deste ano 2020 e que á data de hoxe aínda non rematou, tivo no normal desenvolvemento da actividade económica dos distintos sectores produtivos. A evolución da mesma derivou na súa consideración de emerxencia de saúde pública e determinou a adopción polas distintas administracións do Estado de medidas de carácter extraordinario que culminaron en España coa declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo de 2020, sucesivamente prorrogado.

Dada a especial vulnerabilidade ás perturbacións económicas provocadas pola pandemia de certos sectores económicos (en particular, agrario, turístico e actividades complementarias, hostalería e restauración, actividades culturais, artísticas e de lecer, actividades deportivas, recreativas e de entretemento, comercio polo miúdo, etc.), sen esquecerse doutros sectores que tiveron que cesar abruptamente a súa actividade económica normal ou viron como a súa actividade económica decaía subitamente pola falta de actividade e mobilidade da poboación



en xeral, a Agader considera imprescindible ter en consideración estas circunstancias excepcionais, de cara ao cumprimento das obrigas derivadas do mantemento e creación de emprego recollidas nas resolucións de concesión de axuda.

En particular, tratarase de dar resposta a estas circunstancias excepcionais, a través de dúas vías:

- a) Flexibilizando os criterios interpretativos da obriga de creación de emprego segundo se dispón no apartado 1 desta instrución.
- b) Tomando en consideración o concepto de forza maior previsto na normativa comunitaria para eximir ou relaxar o cumprimento de obrigas ou requisitos de admisibilidade das solicitudes de pago en determinadas condicións, para o que se toma como referencia o disposto na Circular de Coordinación número 12/2020 da Subdirección Xeral de Axudas Directas, Sectores Especiais e Fondos Agrícolas, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo se dispón no apartado 2 desta instrución.

No punto 3 da antedita Circular, lémbrese que o concepto de forza maior caracterízase pola existencia de circunstancias anormais e imprevisibles, alleas á vontade de quen a invoca e cuxas consecuencias, a pesar de toda dilixencia, non poden evitarse. Neste senso, cómpre sinalar que a noción de forza maior, establecida polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, xeralmente presupón tres condicións:

- a) Son circunstancias anormais e imprevisibles.
- b) Están fora de control por parte da persoa que as alega.
- c) Non poderían terse evitado a pesar do exercicio de todos os coidados debidos.

Polo tanto, considérase que as circunstancias resultantes do COVID-19 cumpren coa definición para que sexan cualificadas como causas de forza maior e, por conseguinte, xustificuen, en determinadas ocasións, a imposibilidade de cumprir con determinadas obrigas ou compromisos derivados da concesión da axuda, en particular o de mantemento e creación de emprego.

Por outra parte, o punto 3.3 da citada Circular de Coordinación 12/2020 do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación recolle o criterio de que en ningún caso se aplicará unha exención xeneralizada dun requisito de admisibilidade (como é o cumprimento das obrigas de emprego derivadas da resolución de concesión da axuda) previamente establecido, como consecuencia da crise do COVID-19. Por outra parte, sinala que a consideración como caso de forza maior permite, en casos concretos, a non aplicación de penalizacións ou incluso conservar o dereito a percibir a axuda, a pesar de incumprir tales requisitos.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores e a competencia da persoa titular da Dirección Xeral para ditar actos necesarios para a correcta aplicación e cumprimento das bases



reguladoras (Acordo Quinto do Acordo do Consello de Dirección do 13 de decembro de 2019), dispónse o seguinte:

1. En aras a facilitar a maior flexibilidade posible no que respecta ao cumprimento da obriga de creación de emprego, modifícase o penúltimo parágrafo do punto 3.1 (revisión e comprobación das obrigas de creación e consolidación do emprego) da Instrución 1/2019, que pasa a ter o seguinte contido:

Para o cumprimento da obriga de creación das UTAS que resulte do apartado correspondente ás obrigas derivadas da resolución de concesión de axuda, abondará con presentar, unha vez constatado que se cumpre coa obriga da consolidación do número de UTAS obrigatorias (no caso de ampliación e/ou modernización), copia do contrato ou contratos que correspondan co número de UTAS a crear, sen que a suma das UTAS resultante dun hipotético cumprimento íntegro deses contratos teña que dar “a priori” como resultado un número igual ou maior das UTAS que figuren como obriga de creación. Por exemplo, no caso de que a persoa beneficiaria da axuda tivera a obriga de crear 1 UTA, abondaría con presentar un contrato de duración determinada (por poñer un exemplo de 6 meses), sendo necesario, non obstante, que unha vez transcorrido un ano a contar dende a data da solicitude de pagamento final, a UTA obrigatoria se consolide (neste caso, a través, por exemplo, da renovación do contrato temporal unha vez transcorridos os 6 meses indicados, ou mediante a contratación de outro/s traballadores/as a tempo parcial.

2. Engádesse á Instrución 1/2019, á un novo apartado, o número 5, co seguinte título e contido:

5. Excepcionalidades por razóns da pandemia provocada polo COVID-19. A consideración de forza maior no cumprimento das obrigas de mantemento e creación de emprego.

Nos casos de que persoas beneficiarias de proxectos LEADER, correspondentes ás convocatorias (submedida 19.2) 2019-2020 e 2020-2021 que, como consecuencia da situación derivada da pandemia provocada polo COVID-19 non poidan cumprir coa obriga de consolidación e/ou creación de emprego, nos termos indicados no artigo 19 das bases reguladoras e nos apartados 1 a 4 da Instrución 1/2019 pola que se establecen os criterios interpretativos referentes ás obrigas de creación e consolidación de emprego, deberá procederse conforme ao que a continuación se sinala:

- As persoas beneficiarias notificarán por escrito, a través de rexistro electrónico dirixido ao equipo xestor do GDR, a imposibilidade de cumprir a obriga de consolidación e/ou de creación do emprego previsto na resolución de concesión de axuda, xustificando as circunstancias excepcionais derivadas da pandemia que provocaron dito incumprimento, debendo achegar de inmediato, ou no seu caso a



requirimento do equipo xestor do GDR, as probas pertinentes que acrediten a causa de forza maior. Por outra parte, a persoa beneficiaria poderá achegar unha proposta de calendario para dar cumprimento íntegro ás súas obrigas de mantemento e/ou de creación de emprego, que poderá incluír un “período de carencia de ata 24 meses (a contar dende a data da solicitude de pagamento final).

- A xerencia do GDR xuntará á solicitude de pagamento que se remita a Agader, un informe explicativo que indique, cando menos, o número de UTAS que faltan para cumprir coa/s obriga/s de mantemento e/ou creación de emprego e no que se reflectan as circunstancias excepcionais que ao xuízo do equipo xestor do GDR concorren no caso e que provocaron dito incumprimento, así como, no seu caso, calquera outra consideración ou achega que considere de interese e que poderá referirse á proposta do período de carencia presentada pola persoa beneficiaria á que se fai referencia no parágrafo anterior.
- En base ao alegado polo promotor e ao informe do equipo xestor do GDR, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, logo do informe da persoa titular da Subdirección de Relacións cos GDR, poderá optar, entre outras, por algunha das opcións seguintes:
 - 1) No caso de apreciarse e xustificarse adecuadamente a xuízo da Agader a forza maior derivada da pandemia, como regra xeral, emitirá resolución de pagamento (en caso de xustificación adecuada en tempo e forma dos restantes requisitos de admisibilidade), identificando o incumprimento de que se trate e facendo mención expresa á consideración do incumprimento como causa de forza maior, na que conste o “período de carencia” que, no seu caso, se lle conceda ao promotor para o cumprimento das obrigas derivadas do mantemento e/ou creación de emprego.

Excepcionalmente, no caso de apreciarse e xustificarse adecuadamente a xuízo da Agader a forza maior derivada da pandemia, a resolución de pagamento (en caso de xustificación adecuada en tempo e forma dos restantes requisitos de admisibilidade), poderá, unha vez identificando o requisito incumprido e facendo mención expresa á concorrencia de forza maior, eximir á persoa beneficiaria da obriga de cumprir o mesmo, recoñecéndolle o dereito a percibir a axuda, a pesar do incumprimento da obriga de mantemento e/ou creación de emprego, nos supostos de que quede acreditada, a xuízo da Agader, a vontade de cumprimento da persoa beneficiaria e este se aproxime de xeito significativo ao cumprimento total da obriga.

- 2) Emitirá resolución de perda do dereito ao cobro, baseándose no incumprimento do requisito de admisibilidade, nos casos nos que, a criterio da Agader non se



xustifique o incumprimento da obriga de mantemento e/ou creación de emprego con fundamento na causa de forza maior derivada do COVID-19.

Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta modificación da Instrución 1/2019 será publicada na web da Agader e notificada electrónicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Os criterios interpretativos contidos nesta modificación da instrución serán aplicables a partir do día da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela

Santiago de Compostela
A directora xeral de Agader
(Asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

